

COSTA DA MORTE

Francisco X. Fernández Naval

Unha iniciativa de



co apoio de



Este é un mar de constancias infinitas, arrebatado e escuro, un mar que se sabe anterior ao tempo, á valentía das proas, á chamada das sereas. É este un mar de despedidas, de raios verdes e embarcacións de pedra, un mar de crebas, que expulsa o que supón alleo, agás os cascos dos buques perdidos e a tristeira canción dunha compañía de náufragos.

Galicia fíxose mar nas rías, no labrego espreitar dende os outeiros, no doce abalar dunha cantiga de auga, pero tamén nos cantís afiados, no rouco expirar das furnas, nas badaladas da borrhaxeira. Galicia fíxose mar quizais só por un soño, se cadra por unha vocación de occidente e de illas perdidas que alguén quixo explicar, que moitos decidiron buscar e compartir. Foi mar tamén Galicia por completar a dieta cereal, por redimirse da fame, por invocar fartura. Naceu así un peirao en cada abrigo e arredor un espazo de vida, un xeito de comprender o mundo, de bailar co pé descalzo sobra a area, de interpretar o loito, de vendimar o argazo. Foron entón a pesca e a seitura, a salga e o afumado, a seca do polbo cabezón e do congro esquío, o perseguir baleas sobre vales de escuma e argallar palangres coma contas dun rosario ofrecido cada día a un deus abisal e sen alma. Os homes desta costa aprenderon entón a navegar, antes incluso que a pronunciar a fala. Medraron contra o leme, activaron o corpo correndo por beiradas nas que durmían as xeiteiras e as chalanas, pensaron que só no mar estaba o seu destino, e así crearon mastros, teceron artes e velas, trazaron periplos invisibles baixo un firmamento de estrelas, soñaron cardumes, perseguiron ardoras, máis alá da protección do cabo e da repetida derrota da alborada. Aquí os mariñeiros visten escamas baixo o traxe de augas, recenden a salitre e cantan vellos alalás e habaneras con sabor de nostalxia, ecos de acordeóns ultramarinos que afogan a lembranza dos abrazos.

Aquí as mulleres perciben o futuro que se escribe máis alá do horizonte, instinto primario que lles aprende a ler nas vogais do aire, no epidérmico reflectir das correntes, no trazo do fume, que é cataventos que anticipa as sombras. Segundo a segundo as mans destas mulleres enfían a levidade barroca dos encaixes que adornarán o traxe de acristianar, o leito que comparten e as fiestras das esperas. O son dos palillos no ceo da solaina semella o repenicar dunha afouteza e, ás veces, anticipa a mortalla dunha ausencia.

Esta é unha costa antiga e, porén, hai algo aquí de primixenio, de natureza acabada de inaugurar, de mundo antes do mundo, de enerxía inaudita, de mar que ascende polo monte precipitándose en berro e transformándose en chan no que prende a matogueira, en firmeza de

bosque. Esta é a fronteira do océano de faros coma ciclopes mansos aos que a técnica murchou o corazón, pero que aínda alumean a noite coa luzada da esperanza, que aínda rachan o vento co seu roncar de xigantes durmidos. Aquí é a Costa da Morte, a dos promontorios de seixo, a das pedras afogadas, a das virxes navegantes, aquí é o tránsito cara un lusco fusco no que habita a tenrura e o feliz devalar dos sorrisos eternos. Costa da morte, costa da vida sempre.

A Costa da Morte é unha das unidades xeográficas mellor definidas de Galicia, por máis que perdure a polémica sobre os seus límites, pero non sobre a súa identidade. Habitada na antigüidade por Nerios e por Ártabros, foi navegada por barcos de todas as tribos dende a orixe. Por aquí pasou Xulio César, no ano 60 a.n.e., buscando A Coruña, cidade que reduciu por mar, pero sen loita, co único afán de lle roubar o ouro procedente da venda do estaño: *Entón, navegando en dirección a Brigancio, cidade de Galicia, aterrorizou os seus habitantes co estrondo das naves, e, como non viran nunca unha escuadra de guerra, rendéronse*", a cita é de Dión Casio e vale para acreditar que, dende antigo, o poder exerceu por aquí a actividade da piratería: costa visitada durante séculos por xente de armas do norte e do sur, temporeiros do terror que levaron a Xelmírez a chamar por carpinteiros de ribeira italianos e encargarlles a construción da primeira armada peninsular.

Esta costa é fito singular no patrimonio emocional europeo, aquel que define o ser e un xeito de interpretar a historia, a vida e o futuro, tal e como expresaba Albert Camus: *terra do espírito, onde logo de vinte séculos se segue perseguindo a máis emocionante aventura do espírito humano*. É aquí onde o mar se ofrece en toda a súa intensidade, onde non oculta ningún dos seus rexistros, e así, dende os días máis calmos ata aqueles nos que as ondas impiden ver a liña do horizonte, dende as cores verdes e azuis que brillan baixo o sol da primavera, ata a escura descomposición que provoca o mar de fondo, dende a cálida cor amarela das chorimas ou o voo poderoso do mascato, ata a sinistra pegada das escumas que sinalan os cons ou o desolado abandono dun cetáceo varado, o mar é sempre o mar, espazo no que os habitantes desta costa aprenderon a vivir e ao que saben respectar.

Territorio máxico, no que non é doado discernir entre o real e o soñado, que soubo gardar e transmitir a memoria do seu pasado converténdoa en lenda, en mito, en versos coma os de Eduardo Pondal:

*E ti, campana de Anllóns,
que, vagamente tocando,*

*derramas nos corazóns
un bálsamo triste e brando
de pasadas ilusións.*

Paisaxe única na que os altivos promontorios se visten coa herba de namorar, onde as rochas esculpidas polo vento debuxan imposibles perfís, sementando a dúbida de se tales conxuntos escultóricos son obra da erosión ou da man do home, onde o barroco popular se pon de manifesto nos adornos da cabaceiras e pombais, nas canles dos muiños, nos valados, onde as aldeas e vilas labran tamén unha amabilidade e un ánimo especial na súa hospitalidade, como saben facer aqueles que coñecen as dificultades da viaxe e da travesía, xente hospitalaria por historia e por carácter, afeita a arriscar para salvar a vida dos náufragos, aínda que ás veces, a historia que se conta sexa outra.

É este un litoral bravo, bañado por un mar cobizoso, un mar que atrae a ollada contra os rochedos, que anubra a vontade, que se impón coma un feitizo. Cando a surada, a area agatuña ladeira arriba, o vento impón a súa teima e os corvos mariños observan a constancia das ondas. Hai que falar de mar, sen descanso, coma nunha salmodia interminable, hai que falar deste océano que, aínda nos días calmos, permite dexergar o seu poder, bruando para apagar as voces náufragas que aquí atoparon o final, as sereas vencidas de tantos buques escachados contra os cons, as lembranzas de tanta dor e tanto abandono como sentiron aqueles que nas madrugadas de temporal baixaron aos coídos ou rochedos lanzando cabos e estachas coas que afirmar a vida.

¡Cantas traxedias entre a Punta de Corrubedo e a Punta Nariga! A memoria da xente lembra moitos destes sucesos: O *Iris Hull* perdido na Punta do Boi; o *Agra* e os seus 34 superviventes rescatados polos veciños das aldeas; o *Serpent* lembrado no cemiterio inglés no areal do Trece; o *Grand Liverpool*, vapor de rodas ou paletas aparelado de fragata, que se afundi coa súa historia de amor; e o *Wolftrong*, o *Alliance*, o *Nil*, o *Ulxter Duke*, o *George C*, o *Cardenal Cisneros*, o *Banora*, o *Airete*, o *Monitor Captain*, o *Casón* ou o *Prestige*, aínda que este, ferido aquí, fora morrer máis lonxe.

E xunto a estes naufraxios que foron primeiras páxinas dos xornais, os outros, os domésticos, os da íntima memoria, a heroica historia da baixura deste litoral, a do valor dos homes que día a día seguen saíndo a navegar, os cabaleiros do mar dos que escribe o poeta Alexandre Nerium, e tamén das mulleres que traballan e agardan, que agardan e traballan, que saben, coma Cunqueiro, que neste mar só se pode estar coma en visita.

Das illas Sisargas, que son dúas, ás Lobeiras, Grande e Chica; de Caión ao Monte do Pindo; do Santo Adrián e a súa memoria de serpe, ao San Guillerme da fertilidade e, nun recuncho, Camelle, e alí *Man*, o alemán que era respirar de salga e que perdemos, *Man* e o seu museo de formas coma curvas de aire, coma ferinte memoria do que non debemos esquecer. Como non esquecemos a fervenza do Xallas, silenciado o seu berro que non cesa, e que é coma sombra, que así o recollen os versos de Cesáreo Sánchez Iglesias.

A Virxe da Barca de Muxía, símbolo de vocación e devoción de mar, é o santuario mariano de maior tradición entre a xente de Galicia e lugar central desta Costa da Morte. Coma o Apóstolo, navegou ela en barca de pedra, que foi quedar aquí, sobre as rochas, descomposta en barca ou pedra dos cadrís, en temón e en pano ou pedra de abalar, da que conta a tradición que só poden mover os inocentes, obtendo un son que evoca vellas danzas rituais nas que a percusión axudaba a conseguir a participación de todos.

*¡Cánta xente..., cánta xente
por camiños e por veigas!
¡Cánta polo mar abaixo
ven camiño da ribeira!*

escribiu Rosalía de Castro, pero tamén á romaxe que aquí se celebra por setembro se referiu Federico García Lorca nun dos seus poemas galegos:

*Pola porta de Galicia
xa ven salaiando a i-alba
a Virxen mira pra o mar
dend'a porta da súa casa*

O desenvolvemento sacrificou as fachadas atlánticas das vilas desta costa, sendo Corcubión o mellor exemplo de conservación patrimonial. Pero polos rueiros de agora, coma polos de antes, corren nenas e nenos na súa algarabía rebuldeira, sempre buscando o mar, porque tamén é esta terra de xogos e de esperanzas, se cadra por iso, Alexandre Campos Ramírez, ou Alexandre de Fisterra, deu coa idea feliz do fútbolín, ese invento marabilloso que encheu tantas tardes da nosa infancia, facendo amigos, aprendéndonos a medrar.

E aínda, por entremedias, revelando o alento da xente de onte e de hoxe, as mámoas funerarias que agroman da terra coma renacendo, e os petróglifos que expresan o misterio, e os castros que fixeron fogar e debuxaron as rúas, e as vellas pontes de ríos escuros, e os castelos de torres medievais, e as portadas do románico, as fiestras do gótico, os retablos do barroco, e as airas, os muíños e os fornos, e a louza de barro, os soños.

E para soño, Fisterra, cabo do mundo onde principiaba o absoluto e o misterio, onde conflúen boa parte dos elementos que constitúen o noso ser colectivo, que xa escribiu José María Castroviejo que *Galicia atopa neste promontorio inmenso a súa alma e a súa vida, a súa cara e a súa cruz, a súa ledicia e a súa dor esperanzada*. Máis alá deste escuro lombo de balea, máis alá do voo dos paíños e das escumas, só fica o mar, o mar de fóra, lugar para ver o mundo e aprender o que somos, como nos propón Luís Rei Núñez

*ABAIXO, o tráfico canso dos pesqueiros
dos días calmos.
Arriba o faro
que avisa.
E nós vendo aquí
como o mundo é redondo
e camiña.*

O mundo que camiña, a certeza de que formamos parte dun destino común, Galicia que se mira dende este extremo da terra: *un espazo mítico, como as grandes serras do oeste onde os amigos non matan ós amigos, onde se apertan e parten xuntos nunha barca ó encontro da tormenta*, no dicir de Marilar Alexandre.